



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito relativas al anuncio del Instituto Social de la Marina de habilitar una Unidad Móvil para los reconocimientos médicos de aptitud en el embarque marítimo.**

En el BOE del 13 de marzo se publicó el anuncio de licitación del Instituto Social de la Marina. «Objeto: Unidad móvil con equipamientos para realizar las pruebas complementarias de los reconocimientos médicos de aptitud para el embarque marítimo, en el ámbito de los Centros de Sanidad Marítima de las Direcciones Provinciales del Instituto Social de la Marina. Expediente: 602026PA1001».

El ISM se justifica en la dispersión geográfica, afirmando que no es posible disponer de instalaciones y equipamientos en todos los lugares donde se precisa, estimando que más de 20.500 profesionales, el 28 % de los afiliados al régimen especial del mar, residen en zonas donde no hay centros para las revisiones. El ISM alega que las unidades móviles son «para paliar estas situaciones y evitar retrasos en los certificados médicos» y señala que pretende resolver un problema denunciado por agentes sociales y grupos parlamentarios.

Sin embargo, al tiempo que afirma que no existen oficinas o medios físicos suficientes, el ISM sigue sin dar solución, tal y como viene denunciando el BNG en los últimos años, a la falta de personal médico, a las deficiencias en las dotaciones de personal en general, al cierre de oficinas y reducción de horarios, o a la falta de plazas suficientes en los cursos de formación en los centros de Galicia.

Así pues, puede parecer que las Unidades Móviles son una nueva estrategia para seguir avanzando en el desmantelamiento de centros por la vía de no dotarlos del personal necesario, así como de los medios precisos.

No dudamos de que la existencia de unidades móviles que permitan ampliar los servicios y medios ya existentes y llegar a lugares en los que, en la actualidad, no existen servicios para el reconocimiento médico puede ser interesante, pero no puede implicar, en ningún caso, una vía para la sustitución y cierre de oficinas ahora en funcionamiento.



En todo caso, sería aún más necesario que se destinaran los fondos precisos para dotar adecuadamente los centros y oficinas del ISM en Galicia, corregir sus deficiencias, su falta de personal sanitario, cubrir las bajas y dotarlos de todos los medios necesarios para facilitar los trámites y toda la ingente burocracia que se exige cada vez más a los trabajadores y trabajadoras del mar.

En este sentido, podemos tomar como ejemplo lo sucedido en la Oficina del ISM de Camariñas el año pasado, que tuvo que cerrar durante semanas por no cubrir una plaza, entre otras deficiencias, o la falta de plazas en los cursos necesarios para la acreditación por parte de las personas de la tripulación de tener el certificado de formación sanitaria imprescindible para el desempeño de su actividad.

En las distintas respuestas del Gobierno al BNG sobre los problemas en las oficinas del ISM en Galicia, reconoce que el ISM «es consciente de la necesidad de cubrir las vacantes existentes de forma perentoria y con tal motivo se convocan anualmente procesos selectivos» y anunciaba el octubre pasado que «antes de que finalice el año está prevista la convocatoria de un concurso de traslados para toda la Administración de la Seguridad Social, en la que el ISM convocará cerca de 250 plazas con lo que espera cubrir las vacantes existentes. También está convocado un concurso específico en el ISM con 73 vacantes convocadas y 10 resueltas». Añadía que estaba prevista la incorporación de 28 efectivos médicos de sanidad marítima en octubre. Indicaba que las vacantes ofertadas en Galicia estaban situadas en A Coruña, Vilagarcía de Arousa, Vigo, Ferrol, Noia, Corcubión y Burela. Sin embargo, aún no se ha tenido conocimiento del resultado de estos concursos ni de si las plazas han sido finalmente cubiertas tal y como indicaba el Gobierno.

El servicio que presta el ISM es fundamental para uno de los principales sectores gallegos como es el pesquero; sin embargo, podría contar con una mejor planificación y una distribución más adecuada y próxima a la realidad gallega y a las necesidades de las personas que trabajan en el mar si fuese transferido para su prestación por parte de la Xunta de Galicia.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Cuántas unidades móviles prevé adquirir el Gobierno para la prestación de servicios de reconocimiento médico para el embarque?
2. ¿Cómo van a ser asignadas territorialmente? ¿Deberán atender al conjunto del



- Estado? ¿Cuántas estarán destinadas en Galicia? ¿Será una asignación permanente?
3. ¿Comparte que debería ser prioritario reforzar las oficinas y centros del ISM en Galicia que arrastran muchas deficiencias en personal, en facultativos y en medios?
 4. ¿Se han cubierto las vacantes existentes en los centros del ISM en Galicia antes de finalizar el año, tal y como indicó el Gobierno en respuesta al BNG? ¿De no ser así, por qué razón?
 5. ¿Han sido incorporados los 29 efectivos médicos de sanidad marítima con fecha prevista para el mes de octubre en los ISM de A Coruña, Vilagarcía de Arousa, Vigo, Ferrol, Noia, Corcubión y Burela? ¿En caso negativo, por qué no se ha hecho?
 6. ¿Se han solucionado los problemas relacionados con la falta de plazas disponibles para el acceso a los cursos de formación obligatorios para poder embarcarse? ¿Es consciente de que las tripulaciones no pueden esperar meses por un curso obligatorio?
 7. ¿Dará prioridad a la necesidad urgente de solucionar los problemas y carencias de las oficinas y centros del ISM en Galicia para que los más de 18.000 afiliados y afiliadas en régimen especial del mar en Galicia tengan la atención adecuada en tiempo y forma para cumplir con todas las exigencias y requisitos que deben superar para salir al mar?
 8. ¿Está en disposición el Gobierno del Estado de avanzar en la transferencia a Galicia de los centros y competencias relacionados con el ISM para la mejor atención de las personas trabajadoras del mar gallegas?»

En Madrid, a 25 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

25 MAR. 2026 11:44:35

Entrada **108267**

Sobre a adquisición de unidades móviles para o ISM

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao anuncio do Instituto Social da Mariña de habilitar unha Unidade Móbil para os recoñecementos médicos de aptitude no embarque marítimo.**

No BOE do 13 de marzo publicouse o anuncio de licitación do Instituto Social da Mariña. “Obxecto: Unidade móbil con equipamentos para realizar as probas complementares dos recoñecementos médicos de aptitude para o embarque marítimo, no ámbito dos Centros de Sanidade Marítima das Direccións Provinciais do Instituto Social da Mariña. Expediente: 602026PA1001”.

O ISM xustificase na dispersión xeográfica, afirmando que non resulta posíbel dispor de instalacións e equipamentos en todos os lugares onde se precisa, estimando que máis de 20.500 profesionais, 28% dos afiliados ao réxime especial do mar, residen en zonas onde non hai centros para as revisións. O ISM alega que as unidades móbiles son “para paliar estas situacións e evitar retrasos nos certificados médicos” e sinala que pretende resolver un problema denunciado por axentes sociais e grupos parlamentares.

Porén ao tempo que afirma que non existen oficinas ou medios físicos suficientes, o ISM segue sen dar solución, tal e como ven denunciando o BNG nos últimos anos, á falta de persoal médico, ás deficiencias nas dotacións de persoal en xeral, ao fechamento de oficinas e redución de horarios, ou á falta de prazas suficientes nos cursos de formación nos centros da Galiza.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

25 MAR. 2026 11:44:35

Entrada **108267**



Así pois, pode parecer que Unidades Móbeis son unha nova estratexia para seguir avanzando no desmantelamento de centros pola vía de non dotalos do persoal necesario, así como dos medios precisos.

Non dubidamos de que a existencia de unidades móbiles que permita ampliar os servizos e medios xa existentes e chegar a lugares en que, na actualidade, non existen servizos para o recoñecemento médico, pode ser interesante, mais non pode implicar, en ningún caso, unha vía para a substitución e fechamento de oficinas agora en funcionamento.

En todo caso, sería aínda máis necesario que se destinaran os fondos precisos para dotar adecuadamente os centros e oficinas do ISM na Galiza, corrixir as súas deficiencias, a súa falta de persoal sanitario, cubrir as baixas e dotalos de todos os medios necesarios para facilitar os trámites e toda a inxente burocracia que cada vez máis se exige aos traballadores e traballadoras do mar.

Neste sentido, podemos tomar como exemplo o sucedido na Oficina do ISM de Camariñas o ano pasado, que tivo que fechar durante semanas por non cubrir unha praza, entre outras deficiencias, ou a falta de prazas nos cursos necesarios para a acreditación por parte das persoas da tripulación de ter o certificado de formación sanitaria imprescindible para o desempeño da súa actividade.

Nas distintas respostas do Goberno ao BNG sobre os problemas nas oficinas do ISM na Galiza, reconece que o ISM “é consciente da necesidade de cubrir as vacantes existentes de forma perentoria e con tal motivo se convocan anualmente procesos selectivos” e anunciaba en outubro pasado que “antes de que finalice o ano esta prevista a convocatoria dun concurso de traslados para toda a Administración da Seguridade Social, na que o ISM convocará preto de 250 prazas co que agarda cubrir as vacantes existentes. Tamén está convocado un concurso específico no ISM con 73 vacantes convocadas e 10 resoltas”. Engadía que estaba prevista a incorporación de 28 efectivos médicos de sanidade marítima en outubro. Indicaba que as vacantes ofertadas en Galiza estaban situadas en A Coruña, Vilagarcía de Arousa, Vigo, Ferrol, Noia, Corcubión e Burela. Porén, aínda non se tivo coñecemento do resultado destes



concursos nin se as prazas foron finalmente cubertas tal e como indicaba o Goberno.

O servizo que presta o ISM é fundamental para un dos principais sectores galegos como é o pesqueiro, porén, podería contar cunha mellor planificación e distribución máis acaída e próxima á realidade galega e ás necesidades das persoas que traballan no mar se fose transferido para a súa prestación por parte da Xunta da Galiza.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Cantas unidades móbiles prevé adquirir o Goberno para a prestación de servizos de recoñecemento médico para o embarque?
2. Como van ser asignadas territorialmente? deberán atender ao conxunto do Estado? Cantas estarán destinadas na Galiza? Será unha asignación permanente?
3. Comparte que deba ser prioritario reforzar as oficinas e centros do ISM na Galiza que arrastran moitas deficiencias en persoal, en facultativos e en medios?
4. Cubríronse as vacantes existentes nos centros do ISM na Galiza antes de finalizar o ano, tal e como indicou o Goberno en resposta ao BNG? De non ser así, a que se debe?
5. Foron incorporados os 29 efectivos médicos de sanidade marítima con data prevista para o mes de outubro nos ISM da Coruña, Vilagarcía de Arousa, Vigo, Ferrol, Noia, Corcubión e Burela? En caso negativo, por que non se fixo?



6. Solucionáronse os problemas relacionados coa falta de prazas dispoñíbeis para o acceso aos cursos de formación obrigatorios para poder embarcarse? É consciente de que as tripulacións non poden esperar meses por un curso obrigatorio?
7. Dará prioridade á necesidade urxente de solucionar os problemas e carencias das oficinas e centros do ISM na Galiza para que os máis 18.000 afiliados e afiliadas en réxime especial do mar na Galiza teñan a atención adecuada en tempo e forma para cumprir cos todas as exixencias e requisitos que deben pasar para saír ao mar?
8. Está en disposición o Goberno do Estado de avanzar na transferencia á Galiza dos centros e competencias relacionados co ISM para a mellor atención das persoas traballadoras do mar galegas?

Madrid, a 25 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso